

# AVISO FITOSANITARIO

## Bugallas Freixo inducidas por *Aceria fraxinivorus*



Estas bugallas son provocadas por un ácaro nas inflorescencias do freixo. Os adultos pasan o inverno nas gretas que se forman na cortiza dos freixos e na primavera comezan a súa actividade. Estas bugallas saen nas sementes, xa que os ovos son depositados na base das inflorescencias.

Teñen varias xeracións no ano.

O ácaro adoita atacar os grupos de flores pouco despois de que se abran. A bugalla individual non mide máis de 2 cm de diámetro, pero cando se agrupan presenta unha deformidade irregular considerable formada a partir dos talos das flores fusionados. A súa cor é marrón cando está totalmente formado, finalmente negro, pero verde ao principio. Unha vez que caen as follas, as bugallas, cheas de ácaros, son evidentes e poden permanecer un ano ou máis. Case todas as inflorescencias poden estar implicadas, polo que a capacidade reprodutiva redúcese, pero algunhas sementes aínda poden desenvolverse normalmente entre as bugallas

As especies de freixo atacado inclúen, o freixo branco ou americano (*Fraxinus americana*), o freixo de folla estreita (*Fraxinus angustifolia*) e o freixo común (*Fraxinus excelsior*),

Distribución: moi estendida en Gran Bretaña; o seu número varía segundo os cambios nos niveis anuais de produción de sementes. En Francia e nos Países Baixos coñécense como bugallas de coliflor polas súas formacións. Dende fai algunhas semanas, vense nos freixos dalgunhas zonas de Galicia con estas características formacións.